

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN DE NATACIÓN POLOS CLUBS E CAMPIONATOS GALEGOS

Tempada 2008 - 2009 – Circular 08-09

Competicións locais/comarcais incluídas no calendario oficial (Ligas de idades)

Estas competicións están reguladas polas normativas aprobadas na Asemblea.

Os Clubs adscritos á Federación Galega de Natación, teñen o dereito e a obriga de organizar polo menos dúas competicións de ámbito local ao longo da tempada deportiva. Os clubs de nova creación no terán obrigas durante o primeiro ano de funcionamento e só terán que organizar unha competición durante a súa segunda e terceira tempadas.

A coordinación de todas as competicións locais organizadas polos clubs corresponde á Federación que será a que en definitiva decida datas e sedes coa colaboración dos clubs.

En todas as competicións nas que haxa 800 ou 1500 libre, os clubs que inscriban nadadores nestas probas, facilitaran persoal para a sinalización nas cabeceiras das piscinas, como contavoltas. Poderán ser nadadores, e serán tantos como inscritos nesas probas.

Os gastos de arbitaxes repartiranse entre todos os clubs participantes. Cada Club abonará o prezo correspondente a unha xornada por cada unha das categorías nas que participe, a modo de cota de inscrición (168 euros). **Os equipos arbitrais (tanto o xurado principal coma o auxiliar) serán sempre convocados polo Comité Galego de Árbitros** a través dos delegados correspondentes. Estarán compostos por:

| XURADO PRINCIPAL: | | 6 pistas | 8 pistas |
|--|-----------|----------|----------|
| Xuíz Árbitro (1) | 12 € | | |
| Xuíz de Saídas | 12 € | | |
| Xuíces de carreiras (2) | 24 € | | |
| Secretaría (1) | 12 € | | |
| XURADO AUXILIAR: | | | |
| Axudante do xuíz de saídas (1) | 12 € | | |
| Xefe de cronos/crono adicional (1) | 12 € | | |
| Cronometrador adicional (1) | 12 € | | |
| Cronometradores (6/8 en función do número de pistas) | 72 €/96 € | | |
| TOTAL ARBITRAXES | | 168 € | 192 € |
| CONFECCIÓN DE SERIES E RESULTADOS (optativo) | 33 € | | |

O pagamento dos gastos de arbitaxes o día da competición, farao a FEGAN.

Calquera posible gasto de desprazamento correrá a cargo da Federación.

As competicións do grupo Promesas quedan excluídas desta normativa ao non ser requirida presenza arbitral.

Competicións locais/comarcais non incluídas no calendario oficial (tomas de tempos)

A entidade organizadora da competición dirixirá a solicitude realizada no impreso destinado para os efectos á Federación (ver ANEXO II) antes dos 20 días previos á súa celebración. A Federación comunicará a resposta ao club organizador nun prazo de 5 días, avisando tamén en caso afirmativo ao Comité de Árbitros para que realice a convocatoria correspondente.

No impreso de solicitude deberá figurar a duración aproximada da competición que en ningún caso deberá superar as dúas horas e media. En caso de duración superior imporase unha multa de 150 euros. (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c).

En canto se dispoña das series da competición deberán remitirse á FEGAN.

O pagamento dos gastos de arbitrxes farao directamente o club organizador o día da competición.

Competicións territoriais (Copa Galega de Clubs)

As competicións territoriais están reguladas polas normativas correspondentes e en principio non debería haber ningún cambio sobre o calendario aprobado. Se por motivos imprevistos se tivese que realizar algunha modificación de datas ou horarios, deberase comunicar o antes posible á Federación.

Os clubs que inscriban nadadores nas probas de 800 ou 1500 libre, facilitaran persoal para a sinalización nas cabeceiras das piscinas, como contavoltas. Poderán ser nadadores, e serán tantos como inscritos nesas probas.

Os gastos das arbitrxes (xurado principal e auxiliar) repartiranse entre os clubs participantes en cada división. No seu caso, a confección de series e resultados, corresponderalle ao club organizador. **Os equipos arbitrais (tanto o xurado principal coma o auxiliar) serán sempre convocados polo Comité Galego de Árbitros a través dos delegados correspondentes. Estarán compostos por:**

| XURADO PRINCIPAL (Dereitos de arbitrxaxe 20€) : | | 6 pistas | 8 pistas |
|--|-------------|----------|----------|
| Xuíz Árbitro (1) | 20 € | | |
| Xuíz de Saídas (1) (tamén carreiras en Máster) | 20 € | | |
| Xuíces de carreiras (4) – (1 para competicións Máster) | 80 € / 20 € | | |
| Secretaría (1) | 20 € | | |
| XURADO AUXILIAR (Dereitos de arbitrxaxe 12 €) : | | | |
| Axudante Secretaría para puntuación Liga de Clubs (1) | 12 € | | |
| Axudante do xuíz de saídas (1) | 12 € | | |
| Xefe de cronos/crono adicional (1) | 12 € | | |
| Cronometrador adicional (1) | 12 € | | |
| Cronometradores (6/8 en función do número de pistas) | 72 € / 96 € | | |
| TOTAL ARBITRAXES LIGA CLUBS | | 260 € | 284 € |
| CONFECCIÓN DE SERIES E RESULTADOS (optativo) | 33 € | 33 € | 33 € |
| TOTAL ARBITRAXES COMPETICIÓN MÁSTER | | 188 € | 212 € |

Calquera posible gasto de desprazamento correrá por conta da Federación.

Trofeos propios dos Clubs

A entidade organizadora do Trofeo dirixirá a solicitude á Federación para que se inclúa no calendario oficial polo menos 20 días antes da súa celebración. A Federación comunicará a resposta ao club organizador nun prazo de 5 días, avisando tamén en caso afirmativo ao Comité de Árbitros para que realice a convocatoria correspondente. A solicitude deberá estar acompañada polo regulamento da Competición así como unha estimación da duración das sesións. Deberá indicarse tamén o ámbito do Trofeo co obxecto de asignar o xurado correspondente (local/comarcal ou territorial/nacional).

En canto se confeccionen as series da competición estas deberán ser remitidas a la FEGAN.

En canto ao pago de dereitos de arbitrxaxe será feito directamente polo club organizador na propia competición.

En caso de que a duración das sesións sexa superior ás tres horas o custo será o dobre do estipulado.

Os clubs que o soliciten poderán facer uso da cronometraxe electrónica da FEGAN pagando as cotas indicadas na circular 08-10. Así mesmo poderán solicitar da Federación asistencia para a confección de series, e resultados na propia piscina, sendo neste caso a cota correspondente de 100 euros, correndo tamén cos gastos de desprazamento e axudas de custo do persoal federativo.

Campionatos Galegos

Nos Campionatos Galegos a organización correrá a cargo da Federación coa colaboración do club. **Os equipos arbitrais (tanto o xurado principal como o auxiliar) serán sempre convocados polo Comité Galego de Árbitros** (o xurado auxiliar a través dos delegados correspondentes). O Club neste caso deberá pagar os dereitos de arbitraje correspondentes ao xurado auxiliar directamente na competición, que serán os seguintes por cada unha das sesións:

| XURADO AUXILIAR por sesión: | | 6 pistas | 8 pistas |
|--|-----------|--------------|--------------|
| Axudante do xuíz de saídas (1) | 12 € | | |
| Xefe de cronos/crono adicional (1) | 12 € | | |
| Cronometrador adicional (1) | 12 € | | |
| Cronometradores (6/8 en función do número de pistas) | 72 €/96 € | | |
| TOTAL ARBITRAXES | | 108 € | 132 € |

Os clubs que inscriban nadadores nas probas de 800 ou 1500 libre, facilitaran persoal para a sinalización nas cabeceiras das piscinas, como contavoltas. Poderán ser nadadores, e serán tantos como inscritos nesas probas.

Na Copa Benxamín e no Festival de Promesas o club organizador deberá ademais pagar os dereitos de arbitraje do xurado principal (100 €).

Obrigas dos clubs organizadores

Calquera club organizador dunha competición deberá:

Dispoñer da piscina ao menos unha hora antes do comezo da competición a menos que o regulamento específico indique outra cousa.

Confeccionar as series e os resultados da competición segundo a regulamentación establecida pola FEGAN (actualmente utilizando o programa de competicións) ou pagar o importe correspondente á súa elaboración. En calquera caso deberán imprimirse as series.

Dispoñer dun locutor.

Dispoñer de todo o persoal colaborador necesario en función da competición de que se trate. (En Campionatos Galegos responsables de entrega de documentación, fotocopias, entregas de medallas, etc., e en competicións co equipo de cronometraxe electrónico, persoal de axuda para a montaxe e desmontaxe).

Dispoñer do material seguinte:

Cronómetros suficientes (8/10 en función do número de pistas)

Bolígrafos (en número suficiente para todos os membros do xurado)

Bloque ou fichas para rexistro de nadadores e tempos polos cronometradores.

Campás e marcadores de distancias cando haxa probas de 800 ou 1500 metros.

Os xogos de series que sexan necesarios para o xurado principal e auxiliar da competición e para os equipos participantes.

No seu caso folios para a publicación dos resultados en piscina

Para Campionatos Galegos dispor de fotocopiadora para os resultados e reservar un espazo en lugar preferente para a venda de material deportivo dos patrocinadores da FEGAN.

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo I

| | | (1) | | LIGA CLUBS | | LIGA MÁSTER | |
|---|--|-----------|-------|------------|-------|-------------|-------|
| | | Nº pistas | | Nº pistas | | Nº pistas | |
| | | 6 | 8 | 6 | 8 | 6 | 8 |
| A | Só arbitrxes | 168 € | 192 € | 260 € | 284 € | 188 € | 212 € |
| B | Arbitrxes + Edición series e resultados (1 ou 2 categorías) | 201 € | 225 € | 293 € | 317 € | | |
| C | Arbitrxes + Edición series e resultados (3 ou máis categorías) | 234 € | 258 € | | | | |

(1) Competicións locais, zonais (en xeral ligas de idades) e tomas de tempos.

Anexo II

Impreso de solicitude de toma de tempos

| | |
|----------------------|--------------|
| Club solicitante: | |
| Piscina: | Localidade: |
| Nome da competición: | |
| Data: | Hora comezo: |
| Programa de probas: | |
| | |

| | 25/50 m | 100m | 200m | 400m | 800m | 1500m | Relevos 4x100 | Relevos 4x200 |
|-------------------------|---------|------|------|------|------|-------|---------------|---------------|
| Nº de series aproximado | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

Duración total aproximada:

Este impreso deberá remitirse á FEDGAN 20 días antes da data prevista de celebración da competición. O envío pode realizarse por correo electrónico.
En ningún caso se aceptarán tomas de tempo cunha duración superior ás 2 horas e media. En caso dunha duración superior inustificada o club deberá pagar á Federación unha cantidade extra de 150 € (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.1.1 c e Art. 9.III c)